



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE NOVIEMBRE 2007



1.- Resumo

Mes seco, con chuvias soamente na terceira semana do mes

O mes de novembro estivo caracterizado por terceiro mes consecutivo polo predominio de situacións anticiclónicas, que deixaron en xeral tempo seco e soleado, con temperaturas diúrnas máis altas que a media e madrugadas frías. Deste xeito nos primeiros 17 días do mes as altas presións estiveron estacionarias ó norte da península Ibérica, deixando poucas novidades no tempo. A xornada máis destacable foi á do 17, cando a baixa humidade e a ausencia de vento ocasionaron a madrugada máis fría dentro do mes de novembro en Galicia dos últimos 30 anos. A partir da tarde do domingo día 18 a situación cambiou coa desaparición das altas presións, o que propiciou o achegamento dunha primeira fronte, que tivo continuidade nos días seguintes. Entre os días 18 e 22 rexistráronse chuvias en toda a Comunidade, particularmente intensas e persistentes o 19 e o 21, coincidindo co paso de dúas fronteas frías. En xeral recolléronse nesta terceira semana do mes entre 50 e 100 l/m² en toda Galicia, destacando particularmente os rexistros dalgúns zonas do interior, tal como Ourense capital, onde os rexistros foron incluso superiores ós 100 l/m², mentres que en puntos costeiros coma Ferrol case que non chegaron ós 50 l/m². A partir do 23 novamente as condicións foron anticiclónicas en Galicia, con baixada das temperaturas debido a entrada de ventos do norte, que transportaron aire frío, o que deixaron soamente algunha chuvia residual na costa de Lugo. Nos mapas de anomalías de presión, a situación predominantemente anticiclónica reflíctese en anomalías positivas de presións ó noroeste de Fisterra, tanto en superficie como en altura.

Precipitación: O mes resultou novamente moi seco, agás en puntos concretos do interior de Galicia como Ourense, onde as intensas choivas das xornadas do 19 e o 21, foron suficientes para poder considerar este mes como normal.

Temperaturas: A persistencia de situacións anticiclónicas que deixan ceos despexados, propicia que en xeral toda Galicia tivera temperaturas mínimas por debaixo das medias agardadas neste mes. Pola contra estas mesmas situacións de ceos despexados deixaron temperaturas diúrnas agradable, polo que as máximas se sitúan por riba do agardado. Polo tanto podemos dicir que as xornadas con grande oscilación térmica foron moi abondosas neste período.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003 agás Santiago (1983-2003) .

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	NOVEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.9	13.1	15.2 (1987)	11.2 (2004)
Tª mínima media	8.3	10.3	12.3 (1992)	8.1 (2004)
Tª mínima absoluta	2.7 (día 17)	3.4 (21/11/1993)		
Tª máxima media	16.5	15.9	18.4 (1981)	14.0 (1976)
Tª máxima absoluta	21.9 (día 4)	25.0 (20/11/1995)		
Precipitación acumulada	46	103-122	297 (2003)	2 (1981)

Comentario:

As temperaturas medias e as mínimas foron moi frías, especialmente no caso das mínimas, 2 °C por debaixo do agardado. As máximas, sen embargo, foron algo superiores ao valor climático, podendo considerarse mesmo cálidas.

En canto á precipitación o mes pode considerarse moi seco



SANTIAGO

	NOVIEMBRE 2007	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.1	11.5	13.9 (1983)	10.1 (1985)
Tª mínima media	5.7	7.9	10.5 (1983)	6.0 (2001)
Tª mínima absoluta	-0.2 (día 18)	-2.0 (28/11/1985)		
Tª máxima media	16.3	15.2	17.7 (1988)	13.7 (1984)
Tª máxima absoluta	23.3 (día 3)	24.7 (07/11/2003)		
Precipitación acumulada	52	170-267	514 (2000)	16 (2001)

Comentario:

As temperaturas medias e as mínimas foron moi frías, especialmente no caso das mínimas, máis de 2 °C por abaixo do agardado. As máximas, sen embargo, foron moi cálidas, 1 °C superiores ao valor climático.

En canto á precipitación o mes pode considerarse moi seco.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

LUGO

	NOVIEMBRE 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	6.7	9.2	11.4 (1992)	6.5 (1980)
Tª mínima media	2.2	5.4	8.9 (1992)	2.3 (1973)
Tª mínima absoluta	-6.4 (día 17)	-5.0 (23/11/88)		
Tª máxima media	13.8	13.0	15.8 (1978)	9.5 (1980)
Tª máxima absoluta	19.1 (día 4)	23.0 (03/11/1981)		
Precipitación acumulada	56	95-109	239 (2002)	2 (1981)

Comentario:

As temperaturas medias e as mínimas foron moi frías, especialmente no caso das mínimas, máis de 3 °C por abaixo do agardado. As máximas, sen embargo, foron moi cálidas, preto de 1 °C superiores ao valor climático.

En canto á precipitación, o mes pode considerarse moi seco.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.5	12.0	14.3 (1983)	9.8 (1976)
Tª mínima media	4.9	7.4	10.4 (1983)	5.0 (1976)
Tª mínima absoluta	-5.4 (día 17)	-0.8 (26/11/1976)		
Tª máxima media	18.1	16.5	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	22.3 (día 2)	26.3 (02/11/1987)		
Precipitación acumulada	82	159-223	480 (1997)	1 (2001)

Comentario:

As temperaturas medias e as mínimas foron moi frías, especialmente no caso das mínimas, 2.5 °C por debaixo do agardado. As máximas, sen embargo, foron moi cálidas, 1.5 °C superiores ao valor climático.

En canto á precipitación, o mes pode considerarse moi seco

OURENSE

	NOVEMBRO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.8	10.8	13.9 (1983)	9.0 (1973)
Tª mínima media	3.2	6.1	9.5 (1983)	2.1 (1973)
Tª mínima absoluta	-4.2 (día 17)	-6.8 (24/11/1988)		
Tª máxima media	16.4	15.5	18.2 (1983)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	24.0 (día 4)	24.4 (04/11/1988)		
Precipitación acumulada	103	63-99	268 (1997)	0 (1981)

Comentario:

As temperaturas medias e as mínimas foron moi frías, especialmente no caso das mínimas, preto de 3 °C por debaixo do agardado. As máximas, sen embargo, foron moi cálidas, quedando 1.1 °C por riba do valor climático.


En canto á precipitación, e a diferenza do acontecido nas outras cidades, o mes pode considerarse mesmo húmido, ao superar lixeiramente o rango de valores normais.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.
Mes Novembro 2007**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes Novembro 2007





3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 11/2007

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas



Tmín -- 11/2007

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)

